



CRUCES E CRUCEIROS CON HISTORIA. CRUCEIRO DE MESÓN (COEA-CASTRO DE REI)

Fernando Arribas Arias

No concello de Castro de Rei, concretamente na parroquia de San Salvador de Coea e, para ser máis precisos, no lugar do Mesón, hai un orixinal cruceiro realizado en 1927¹. Cara ao ano 1990, segundo testemuñas da veciñanza, este cruceiro mudou de emprazamento, xa que pasou de estar situado ao carón da estrada que vai a Quintela á súa actual situación, nunha encrucillada de dous camiños.

José Blanco Prado e mais eu xa demos conta deste monumento no noso libro sobre os cruceiros de Castro de Rei, se ben daquela non contamos toda a historia que se agocha detrás del. Porén, denantes de adiantar acontecementos, convén facer unha descrición e algún que outro comentario sobre a súa fábrica. De momento, descoñecemos o nome do seu artífice, aínda que temos que deixar constancia de que esta obra non ten moitas semellanzas estilísticas con outros cruceiros deste concello ou da Terra Chá, comarca na que, con maior profusión, observamos obras debidas á man das cinco xeracións dos Carboeira, familia que tiña a súa casa natal na parroquia vilalbesa de Román.

Consta dunha plataforma de planta cuadrangular formada por tres chanzos de granito, o inferior parcialmente soterrado. A súa base, monolítica, ten forma cúbica, pero as súas caras laterais están percorridas por unha lixeira moldura de media cana e teñen as arestas superiores redondeadas. Nas súas caras noroeste e nordés aparecen as seguintes inscricións:

JUAN BOSCO/A REI ESTOLLE/10-X-27

O seu fuste é de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no tramo central polo rebaixe das arestas. Carece de calquera tipo de ornamentación. Remata nun sinxelo capitel composto por un ábaco recto e un equino con moldura en escocia; na parte inferior deste elemento sitúase un colariño recto.

A cruz, latina, é de sección hexagonal en toda a súa lonxitude e, na súa cara sueste, presenta un círculo na intersección dos brazos co relevo en oco dun **M**.

1 As súas coordenadas son N. 43° 12.697' e W. 7°26.006'.



Hoxe, este cruceiro ofrece un estado aceptable de conservación, a pesar de contar con case noventa e sete anos. De todos os xeitos, unha morea de fungos impide a lectura das inscricións que citabamos máis arriba, polo que sería desexable unha limpeza, sempre por parte de persoal especializado e cos debidos permisos de Patrimonio.

Chegados a este punto, convén xa preguntarse quen mandou poñer este cruceiro e o motivo da súa construción. Evidentemente, non o mandou facer Juan Bosco (1815-1888), de nome completo Giovanni Melchiorre Bosco, sacerdote e escritor italiano centrado na educación, xa que nos anos en que vive aínda non fora construído este monumento. Cómpre salientar que, en 1890, abriuse o proceso de beatificación e canonización de don Bosco, de forma que o 2 de xuño de 1929 don Bosco foi proclamado beato e o 1 de abril de 1934 foi canonizado polo papa Pío XI.

Desbotada a idea de Bosco, cabe pensar que foi un membro da familia Rei-Stolle o que asumiu o custo da obra. Porén, esta familia é moi extensa e ten a súa orixe en Carlos Rey Raviña (1842-1896), médico na capital de Galicia, e de Filomena Stolle Lamela (1845-1933), filla e neta de comerciantes de tea provenientes de Bohemia e establecidos en Santiago de Compostela.



Descendente deles foi Alejandro Rey-Stolle, maxistrado da Audiencia Provincial de Barcelona, quen casou con Mercedes Pedrosa Miranda. Foron fillos seus Ignacio Rey-Stolle Pedrosa, que cursou estudos de Dereito con Manuel Fraga Iribarne, do que foi, posteriormente, encargado da súa Secretaría Particular, para rematar, logo, como asesor da embaixada española en Roma; Carlos María Rey-Stolle Pedrosa, mariño e aviador, falecido en 1939, e Alejandro Rey-Stolle Pedrosa, máis coñecido polo pseudónimo de Adro Xavier, xesuíta de profesión.

O **A** que encabeza o epígrafe pensamos que se corresponde coa letra de Alejandro, polo que excluimos do patrocinio deste cruceiro os irmáns Carlos María e Ignacio. Non obstante, cabe preguntarse cal dos dous "Alejandros", pai ou fillo, foi quen patrocinou este cruceiro.

Sabemos que este monumento ten a data do 10 de outubro de 1927. Naquel ano, Alejandro Rey-Stolle Pedrosa conta con 17 anos, pois nacera en Santiago de Compostela en 1910 e falecería en Barcelona en 1998, segundo nos conta o noso prezado Luís López Pombo, autor dunha biografía sobre este personaxe. Alejandro Rey-Stolle foi un autor moi prolíxo; escribiu preto de 70 obras de ensaio, biografías e novelas, unha delas levada ao cine. Sabemos que, nese ano de 1927, ingresa na Compañía de Jesús despois de abandonar os estudos de Arquitectura. Quizais, por este motivo, decide mandar poñer este cruceiro, entendido como símbolo da súa ruptura co mundo laico para abrazar a carreira sacerdotal. Porén, resulta un pouco difícil de entender que un rapaz de 17 anos financie un cruceiro.



Outra posibilidade é atribuírllle este cruceiro ao seu pai, tamén de nome Alejandro. Sabemos que era unha persoa moi devota e que, grazas a estar de vacacións en Castro de Rei, cando comeza a Guerra Civil, salvouse dunha morte segura en Cataluña, territorio que quedou baixo o lado republicano. Debido ao seu poder adquisitivo e á súa devoción, ben puido ser o patrocinador

deste monumento, xa que é habitual que estas construcións vaian asociadas a amosar un status social, pois non todo o mundo, no ano 1927, podía custear un cruceiro. Postos a elucubrar, o **M**, situado na intersección dos brazos da cruz, poida que corresponda coa inicial do nome da súa dona, Mercedes Pedrosa Miranda. Sospeitamos que este Alejandro Rey-Stolle era un grande admirador do fundador da Congregación Salesiana, polo que non resultaría estraño que lle dedicase este monumento.

Con todo, e mentres non dispoñamos dunha documentación fidedigna, a dúbida sobre o patrocinador deste cruceiro de Coea permanecerá, se ben, na nosa opinión, coidamos que se trata dunha obra encargada por Alejandro Rey-Stolle, o pai.